



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Intervención

Aprobación definitiva da modificación da base 26ª das Bases de Execución do Orzamento prorrogado en 2023

EDICTO

Aprobación definitiva da modificación da base 26ª das Bases de Execución do Orzamento prorrogado en 2023

O Pleno Municipal do Concello de Rianxo aprobou inicialmente na súa sesión ordinaria do 13/07/2023, a base 26ª das Bases de Execución do Orzamento prorrogado en 2023, en relación ao réxime de asistencias e das asignacións aos grupos políticos municipais da Corporación 2023-27. Non obstante, o acordo establece que terá eficacia desde o día seguinte ao da súa adopción, sen esperar á entrada en vigor da modificación das bases de execución.

O expediente someteuse a exposición pública mediante a súa publicación no BOP núm. 160 do 23/08/2023. Durante o prazo de exposición ao público, que rematou o 13/09/2023, non se presentaron alegacións. Polo tanto, o acordo inicial enténdese elevado a definitivo, sen necesidade dun novo acordo plenario, de acordo do artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais. Dado que esta modificación non afecta aos estados de gastos e ingresos, non é precisa a publicación do resumo por capítulos.

Contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas desta xurisdición.

Rianxo, xoves 21 de setembro de 2023

O alcalde,

Julián Bustelo Abuín

2023/7589